



PC BAS - GALICIA

[HTTPS://WWW.PCBASGALICIA.ES/SE-ABRE-CON-EXITO-LA-LLAMADA-DE-EXPRESIONES-DE-INTERES-PARA-PROYECTOS-COLABORATIVOS-EN-GALICIA/](https://www.pcbasgalicia.es/se-abre-con-exito-la-llamada-de-expresiones-de-interes-para-proyectos-colaborativos-en-galicia/)

LLAMAMIENTO DE EXPRESIONES DE INTERÉS PARA “PROYECTOS COLABORATIVOS” EN GALICIA, ENMARCADAS DENTRO DEL PLAN COMPLEMENTARIO DE BIOTECNOLOGÍA APLICADA A LA SALUD	
https://www.pcbasgalicia.es/wp-content/uploads/2023/05/23.05.22-Llamada-EdI-PCBAS-Galicia-23-mayo-2023.pdf	
Límite participación	Cada entidade poderá liderar un máximo de 3 proxectos colaborativos e poderán participar en máis de unha expresión de interese con distinto rol (non se establece límite máximo).
Prazo propostas na UDC	5 de xuño ás 14.00 horas

A participación da UDC nesta convocatoria como lider/coordinador, que deberá contar coa sinatura do representante legal da entidade, está limitada a un máximo de 3 proxectos colaborativos. En previsión de que se presenten máis propostas das permitidas, **ábrese un prazo ata o día 5 de xuño, luns, ás 14.00 horas** para que os interesados envíen á Sección de Xestión de convocatorias e Axudas á investigadores do Servizo de Investigación (coordinacion.investigacion@udc.gal) un correo, que se tomará como declaración de interese na convocatoria, no que figuren os datos básicos da proposta:

- Título
- Entidades participantes no consorcio
- Liña de actuación prioritaria

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, priorizará as solicitudes atendendo preferentemente aos resultados da avaliación pola AEI do equipo e a súa pertenza a grupos de potencial crecemento ou grupos de referencia competitiva.

O **prazo interno** para presentar a documentación completa das solicitudes seleccionadas **remata ás 14.00 horas do día 14 de xuño (mércores)** e deberase enviar á Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a investigadores: coordinacion.investigacion@udc.gal

A Coruña, 30 de maio de 2023

Salvador Naya Fernández
Vicerreitor de Política Científica
Investigación e Transferencia